



## Vida e fugas de Álvaro Cunqueiro Mora por Suso de Toro



A imaxe que nos ofreceu Álvaro Cunqueiro de si, un varón responsábel e formal vestido de traxe escuro, é o enmascaramento dun rapaz soñador desenganado pola vida. A última imaxe que nos deixou de si, un bon vivant enxebre que posaba con cunca de viño ou queixo de tetilla é a última máscara para pasar desapercibido no mundo adulto.

Un artista coa inocencia necesaria para que, sendo un poeta altísimo, dubidase sobre o seu traballo: "Que quedará de todo isto?". Nos días últimos: "Non sei, teño a sensación de ter vivido para nada, de que perdín o tempo. Pasou a vida, qué enorme despilfarro, puiden facer moito máis. Qué quedará da miña obra?". Referíase á obra literaria máis complexa e profunda na nosa lingua desde *Follas Novas*.

A vida, é sabido, obriga a facérmonos homes e mulleres, levantados sobre os escombros da infancia, sobre o cadáver do neno, da nena. O neno Álvaro deveceu toda a súa vida adulta por permanecer fiel a si propio, "seriamente falando/quero quero volver a pór a miña gorra mariñeira/ aquela gorra dos oito anos/ cando entre o meu sono i-eu cantaba a luz." Aquel señor grande e redondeado era un home moi fráxil.

Cunqueiro foi un golpe de gracia literaria, xuntouse nel a alma dun rapaz que por non saber renunciar á infancia conservou o don do poeta co coñecemento dun escritor formado na tradición literaria europea. E fundou a súa propia patria, o mundo da súa infancia transformado en literatura. A resistir á vida. Ese meniño de dez anos desafia a vida coa literatura, escribe na galería da súa casa de Mondoñedo unha noveliña de vaqueiros, os vaqueiros falan castelán e os indios galego. Gañan os indios, a literatura quere reparar as feridas da vida real, da historia. Abandona o val encantado e vai estudar bacharelato a Lugo, onde coñece a Correa Calderón e a Ánxel Fole, outra cabeza condenada á infancia perpetua. Vai a Santiago estudar Letras. "Así que llevo a Santiago, me quedo asombrado, absorto. Aun hoy en día, cada vez que entro en la ciudad llevo como un bobo..." Canea as súas rúas, le o seus libros, fala nos faladoiros intelectuais, escribe en galego poemas e algunha peza teatral, milita na esquerda do Partido Galeguista, promove as revistas Galiza e Papel de color, e toma xa ese camiño do xornalismo. O golpe dos militares nacionalistas sorpréndeo en Mondoñedo. O seu pai era o boticario e fora alcalde, sálvao dos que asasinaron a outros compañeiros seus. E aquí temos que pararmos a imaxinar que, alén do medo a ser asasinado, algo lle ocorreu a Álvaro.

Cunqueiro tivo dúas duras e amargas leccións que lle partiron a vida. O golpe e a guerra foron a primeira lección: os límites da realidade, o peso grave da historia. Aquela machada decapitou á súa xerazón. Morreron ou fuxiron exilados os indios, e Álvaro para sobrevivir fíxose vaqueiro. Para aprender esa dura lección tivo que perder algo, non sabemos o qué, nese tránsito, nesa reviravolta da identidade. Sabemos que no ano 1938 xa é un vaqueiro, gasta camisa azul fascista, correaxes e bota alta e brillante. Por eses anos escribe en castellano Historia del caballero Rafael, coñece aos seus novos camaradas da Falanxe cultural, os cataláns que fundan a revista Destino ("En América se habla castellano. Las espadas de nuestros capitanes se han encargado de ello. La raza ha cumplido su misión. Para salvarla el joven César y capitán cristiano Francisco Franco nos llamó a todos."). Ese grupo evolucionará na posguerra ao culturalismo catalán e o editor Josep Vergés editará a Cunqueiro na Editorial Destino.

¿Qué tan falanxista foi aquel mangallón, "longo, grande, delgado, pálido", que até uns meses antes era galeguista e esquerdista?

¿Que sabe que os seus compañeiros na Terra están agachados, exilados ou fusilados? ¿Como puido facer para integrarse nos intelectuais falanxistas que cantaban á guerra? Cando escribiu a Corona de sonetos en honor de José Antonio -"¿que tu boca sin sed, de tierra llena, responde a nuestro amor y enorme vida?- cómo non había pensar nos seus compañeiros asasinados? Só é explicábel nun rapaz desvalido que precisa acubillo nunha irmandade intelectual, e que o encontra nesa xeración de camaradas bébedos de historia e de fascismo: Laín, Ridruejo, Tovar, Manuel Machado, Luis Rosales, Eugenio Montes, Pemán, Torrente Ballester, Leopoldo Panero, Eugenio D'Ors, Martín de Riquer...

Superada a lección da guerra, no Madrid dos vencedores vai recibir a segunda grande lección: a autodestrución. Volve vivir a vida alegre cun certo poder, un cargo na prensa falanxista, e demostra até que punto é persoa incapaz de vivir os xogos dos adultos. "Bohemio, desordenado e informal", así é visto polos seus amigos. Para el a palabra é a ensoñación, o reino da liberdade da imaxinación. Incumpre os compromisos, carece da palabra dun home feito e ven a caída: acaba denunciado por un editor, polo embaixador francés, abusa da confianza de amigos. As súas imaxinacións para os demais son mentiras e calotes. A Falanxe quíttalle o carnet de xornalista e perde o traballo. "Me encuentro confuso, torpe, desarraigado, y cierto ánimo de huida que tengo siempre, llega a imponérseme".

A que aprendeu os límites da historia e os límites de si propio, volve derrotado ao seu val e encérrase na casa da infancia. "Ahora tengo en los ojos toda la melancolía y en el oído todo el silencio de Mondoñedo." Así é como comeza, na metade da súa vida, a segunda vida de Álvaro Cunqueiro, a que nos é máis coñecida e na que escribiu a meirande parte da súa obra. O que era un desterro naquela súa casa resultou unha viaxe ao centro de si, a infancia en Mondoñedo. Cando reaparece como xornalista tamén



## Tertulias Literarias

aparece un novo Cunqueiro escritor, máis Álvaro que nunca. O xornalista ten que brigar co tempo histórico no que vive, incidencias sociais e políticas, a vida crúa; o escritor Cunqueiro foxe desa realidade para outra máis íntima e verdadeira: o mundo daquel meniño que escoitaba historias e lía libros, aquela patria de silencio, neve, reis antigos e encantamentos. A súa obra non custiona a historia: néгаа. Nega a historicidade, afirma que a vida é unha soa cousa e inmutábel, un único soño persoal. Mais a afirmación de si é a afirmación do seu país: " Se a miña obra ten un sentido, teno no meu desexo profundo, (...) en algo polo que eu daría a vida, que é que a nosa lingua continúe, que Galicia siga".

Achegarse a Cunqueiro leva tempo, nunca se dá achegado un ben, pois repártese por moitas vereas distintas: teatro, tradución de poesía, xornalismo, ensaísmo literario, ficción... Porén, a chave da súa obra toda é a poesía, como unha bola de vidro que encerra un pequeno val e neve (Rosebud).

### Entrevista a Álvaro Cunqueiro (extractos) RTVE programa "A fondo" 1978 (transcripción)

**Este don Alvaro Cunqueiro y Mora de Montenegro dicen que escribe de un tirón ¿es verdad?**

Bueno, sí; yo creo que todo el mundo escribe más o menos de un tirón.

**Pero también dicen que don Alvaro se cansa enseguida.**

No, no, no me canso; la prueba está, la prueba está en que...

**Por ejemplo, Torrente Ballester ha dicho que la paciencia de don Alvaro Cunqueiro se mide por sentadas y que el libro no concluido de un tirón no será concluido jamás.**

Bueno, no es verdad. Torrente mismo, que es un gran amigo mío, sabe que no es verdad, sabe que yo escribo todos los días, que escribo pacientemente y que tengo la convicción de que una de las condiciones del escritor es la paciencia, una larga paciencia.

**La tenacidad. De modo que el escritor debe sentarse a escribir igual que otro profesional se encara cada día con su menester.**

Sí. Yo no creo en las musas, ni creo en eso que se llama la inspiración. Creo que uno tiene, más o menos, un cierto poder de evocación, se va cargando de memorias, sabe -un escritor, yo por lo menos, para mí - que la verdad no basta, que hay que tener una memoria deformante y sobre ella construye el asunto, el tema, y lo desarrolla.

[...]



**En cuál de entre esa galería tan rica, tan abigarrada de personajes a los que ha hecho nacer o renacer, según parece de una manera explícita en algunos casos, a Alvaro Cunqueiro es quizá el que le resulta más grato, ¿se siente más cerca que, de Merlín, por ejemplo, que de Fanto Fantini?**

En, de Merlín, de Merlín desde luego; es decir, en Merlín está toda una galería de personajes, una colección de temas nacidos todos ellos o arrancados de la tradición fantástica oral de mi país gallego. Galicia es un país de tradición oral, un país ahistórico en el que la gente no tiene memoria de la época en que pasaron las cosas. La muralla de Lugo, por ejemplo, dirán, no que la hicieron los romanos sino los mouros, los moros. Y lo mismo la Catedral de Santiago o lo que sea. Todo lo hicieron los mouros, los moros. Entonces, no tiene memoria de en que época pasaron las cosas y la tradición oral, pues los temas de ella corresponden a todas las épocas posibles, son siempre pasado pero de alguna manera - puesto que predicán del hombre, son también tiempo presente, claro-

**Una de las cosas curiosas y sorprendentes de la fabulosa obra creativa de Alvaro Cunqueiro es la utilización muchas veces de unos índices onomásticos al final del libro con una serie de datos que parece que quieren darnos a entender que realmente esos personajes han existido y siempre ahí está esa duda entre la realidad y la ficción; esa mezcla que yo creo que es una de las características del estilo de Cunqueiro.**

Sí, sí, creo que sí. Además, yo es que, me parece que siempre en el texto he dejado de decir algo importante respecto a una ciudad o respecto a un personaje y entonces en el índice onomástico me parece muy bien el aclarar esto, que muchas veces es añadir una característica al personaje. A veces, y en distintos índices onomásticos he metido la misma persona, por ejemplo a Ricardo Corazón de León, a Beatriz, a Julieta, porque me parece que en cierto modo no debe haber ningún libro en el mundo escrito por quien sea que no hable de Ricardo Corazón de León, que no cite a Julieta o que no cite a Beatrice.

...

**¿Cuál diríamos entonces que es la característica más destacada del alma gallega?**

A la defensiva. Siempre a la defensiva. Entonces, cuando puede e intelectualmente está dotado o es algo libre, la ironía. Esta capacidad para la ironía, la capacidad para el diálogo, para el parrafeo que decimos los gallegos, soltamos párrafos unos a otros. Las cosas tienen siempre muchos pareceres diferentes. No se puede, el gallego no puede decir sí o no como Cristo nos enseña; "sí, sí", "sí, pero", "sí, pero non", "non sí". El, una fórmula gallega, del idioma gallego, es decir "¿non sí?"; es decir "¿es no o es sí?", "no se sabe muy bien", "estás de acuerdo", "no estás de acuerdo". Un, en casa de mis abuelos había un criado que fue vender una vaca a la feria y se encontró allí con un tratante que era del país pero vestía a la leonesa con blusa y hablaba castellano

**GRUPO A**



## Tertulias Literarias

para darse más importancia y entonces dijo “bueno, tres mil pesetas pola vaca e non se fale máis, ¡¡que non se fale máis!! -no estaba dispuesto a discutir- y entonces el criado de mis abuelos le dijo: “vamos home, non téis máis que unha palabra, nin que fóramos castelanos”. No, porque lo propio del gallego es discutir largas horas; en fin, esto es lo que le gusta al gallego. Por otra parte tiene un alma nostálgica, muy apegado a la tierra como quizá ningún otro pueblo de España y, sobre todo, no sé, es lento de raciocinio pero, en cambio, cuando ofende, especialmente, o cuando ataca o cuando tiene que mantener una postura de acción, pero en cambio muy vivaz cuando tiene que ponerse a la defensiva porque éste parece haber sido el oficio moral e histórico del gallego al volar de los siglos.

[...]

**Alvaro Cunqueiro es bilingüe. Escribió primero en gallego todos sus primeros libros de versos y algunas de sus novelas han sido escritas originalmente en gallego. Posteriormente empezó ya a escribir directamente en castellano. Se ha autotraducido también en ocasiones. Domina los dos idiomas de una manera maravillosa. Yo creo que realmente no se sabe cómo es posible haber llegado a dominar los dos como si fuera un mismo instrumento. ¿Qué diferencias para el escritor hay entre ambas lenguas?**

Yo me muevo con más libertad en el gallego; es decir, una lengua -el gallego- que ha sido hablada durante siglos y no escrita -primero tuvo una gran tradición literaria, la de los cancioneros medievales de la Vaticana, de Colocci-Brancuti etc.- pero luego ha habido un gran periodo de silencio. El gallego no se ha escrito salvo que en muy contadas ocasiones. Luego vino en el siglo pasado, vinieron los poetas de lo que nosotros llamamos el rexurdimento -el resurgimiento, a manera de los italianos- y volvió a escribirse el gallego. Entonces, hay una, no sé, nos encontramos más libres, incluso con una capacidad de invención de de de palabras; con una sintaxis muy variable y muy viva, etc. El castellano, claro, una lengua en cierto modo solemne pesa con más gravedad sobre el que la escribe. Eso que yo, es decir, mis influencias del idioma castellano primeras fueron las de mi obispo Fray Antonio de Guevara, “Las Epístolas Familiares” y tal, uno de los más galle castellanos más sabrosos que se hayan escrito jamás. Una lengua es buena cuando sabe a pan, a pan fresco que se mete en la boca. Y esto es el castellano de Guevara donde yo aprendí y claro uno está un poco, en el castellano, está un poco más encorsetado, pesan más las normas; en el gallego anda uno como un vagabundo campando por...



**Otra de las peculiaridades de la sensibilidad galaica es sin duda alguna la nostalgia del terruño, la morriña, la saudade.**

Sí. La saudade es un sentimiento muy complicado y lo han estudiado muy bien algunos intelectuales gallegos actuales como, por ejemplo, Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell, y los portugueses. Pero yo creo que hay una interpretación de la saudade en los gallegos que se diferencia de la interpretación portuguesa. Y quizá esta diferencia pues corresponda también a que el sentimiento es diferente. La Saudade es muy compleja. Se creía que la palabra saudade venía de soledad, de “solitudo” en latín. Luego después se dijo que no, que podía venir saudade de salud, de “salus-utis” y últimamente ha habido quien sostuvo que venía de “suavitas”, de “suavitas-atis”, suavidad. De modo que es un sentimiento muy complejo y quizá esté formado de las tres cosas: soledad, salud y suavidad. Salud en el sentido de una preocupación por el estado físico, cosa muy del gallego, hombre que se inventa enfermedades y curaciones siempre que puede, claro.

[...]

**Regresa en el 47 a su pueblo natal y durante diez años está Cunqueiro como encerrado en sí mismo; dicen que sólo leyendo y escribiendo.**

Sí, sí.

**Y ese retiro ¿por qué fue?**

Bueno, yo estaba cansado moralmente, fatigado moralmente, y necesitaba pues una larga cura de soledad y de silencio que me vino muy bien. Hay esas curas de las que sale otro que tiene nostalgia del otro pero, en fin, ha salido, ha salido nuevo. Es la época en que escribí el Merlín...

**El Merlín que apareció primero en gallego.**

Sí, apareció primero en gallego, sí

**Merlín e familia**

Merlín e familia. Yo tenía la, como la han tenido los de mi generación, la preocupación de la prosa en lengua gallega.

**Y esta es la versión en castellano.**

La versión en castellano, sí. He tenido la preocupación de la prosa gallega como hemos tenido todos porque en Galicia había una abundancia lírica que nos sumergía, en cambio todo el mundo escribía poemas en gallego pero pocos escribían prosa. Ha sido la generación “Nos” -Risco, Otero Pedrayo, Castelao- y luego ha sido la mía -Fole, Carballo Calero, etc.- los que podemos decir que hemos creado la prosa gallega y le hemos dado a la prosa gallega todas las posibilidades que tiene hoy.

**La prosa de Cunqueiro en el “Caballero” era sin embargo mucho más barroca de lo que ha sido después, despojándose un poco.....**

**GRUPO A**



## Tertulias Literarias

Sí, sí, este barroquismo, este barroquismo parece que sea inevitable a cierto tipo de escritores, como yo por ejemplo o como el cubano Carpentier. Parece que un cierto barroquismo le sea necesario a las figuraciones, a las imaginaciones, a las evocaciones, a las invenciones. Luego pasa uno a escribir más llano.

[...]

**Y sin embargo, después, con el con el, con la explosión del “boom” de la narrativa latino-americana, en que la imaginación vuelve a ser tenida en cuenta, la crítica vuelve otra vez a rendirse ante Alvaro Cunqueiro.**

Bueno es natural; me lo decía el otro día Luis Rosales, me decía esto, “tú estabas haciendo por los años cuarenta y tantos lo que ahora ha hecho esta gente que es la que han puesto en la delantera del carro”. Sí, es así; pero yo he sido siempre muy consciente de lo que hacía y, aunque parezca en mis libros que a veces me apasiono, yo he calculado con mucha frialdad la dosis de fantasía, imaginación, de libertad creadora con el realismo, con el contrapunto realístico absolutamente necesario para que la fantasía se sostenga sobre esto. Que esto lleva a la monotonía en muchos casos, ya lo sé. Yo no me aplico a mí porque no soy un gran escritor, aquella frase de Dino Luciatto que decía que todo gran escritor es espléndidamente monótono; yo no me aplico ni el “grande” ni el “espléndidamente” pero sí que todo escritor es siempre monótono.

**Es curioso que algunos de esos mismos críticos han llegado a aplicarle a Cunqueiro la misma etiqueta del “realismo mágico” y maravilloso.**

Sí, sí, sí, cubre muchas cosas, cubre muchas parcelas el realismo mágico, desde el famoso libro cubren muchas parcelas. Muchas veces sirve para meter de contrabando mucha mercancía o para justificarla y muchas otras veces sirve para que el crítico, tantas veces, especialmente, bueno tantas veces picado por la mosca tse-tse, -especialmente cuando se refiere a las literaturas provinciales de de España- pues, se salga se salga del problema, sí.

### Álvaro Cunqueiro Por Francisco Umbral

*Álvaro Cunqueiro es inagotable de leer y lo que hoy le da más sentido a su prosa es un humorismo tácito, una gracia oculta de romano ilustre que se retira a su quinta con más libros que conejos*

Se firmó Cunqueiro o Conqueiro, según los vientos políticos. Era cardenal cismático de Mondoñedo, era director de periódicos, era un gran prosista en castellano y en gallego, era falangista, como todos ellos, era grande, gordo, cordialísimo, facundo y recatado, decidor y recoleto, artista.



Nunca quiso salir de sus círculos concéntricos de prosa y verso, de pueblo y villa, de modo que venía a Madrid como un padre remoto de las letras, como un genio raro, y su libro más famoso es *Crónicas do sochantre*, donde la prosa lírica e imaginativa llega a peligrosos perfiles de inverosimilitud y gracia. Cuando pasaba por aquí me invitaba a almorzar en los buenos restaurantes secretos que él se sabía, y yo, que comía de pensión pobre todo el año, me indigestaba de langostada.

*-¿Y para cuándo tu libro sobre los ángeles, Álvaro?*

*-No puedo terminarlo porque hay un ángel que no acaba de aparecérseme. Lo espero todas las noches, pero nada.*

Hablaba de los ángeles con la misma naturalidad que de los vecinos de su pueblo. Ganó el premio Nadal con *Un hombre que se parecía a Orestes*, bellísima novela donde juega su juego favorito: el anacronismo, el salto de los griegos a Galicia y vuelta, la confusión de los dioses clásicos con la guardia civil.

Cogía hongos y setas en su bosque animado, que no era el del otro, tenía amores rústicos y hacía de señor feudal, a poder ser eclesiástico, por los paisajes natales. Su gastronomía también es lírica, pero una planta le mataría mordiéndole en un pie.

Cunqueiro, como toda aquella generación, no parecía muy conforme con la vieja Victoria que nunca acababa, y todo en él eran refugios, huidas, desapariciones. Se hizo una mitología con las cosas de su tierra, con las nieblas y las lecturas, en pura huida del presente franquista, como queriendo estar y no estar.

Fueron una generación marcada por el fracaso y el error históricos y por la calidad del verso y la prosa. Ridueño se va a derrotar al ruso, como hemos contado aquí, Ruano biografía a Baudelaire, Cunqueiro a Orestes. Qué alejamiento literario de la cultura militar del Jefe. Grandes españoles de todas las Españas, cada villano en su rincón, porque ya vuelve el español donde solía, los muertos enterrando a sus muertos. Cunqueiro no tiene la medida de fama y prestigio que le corresponde, ni entre el público ni entre los críticos (los más jóvenes le ignoran). Cunqueiro, siendo muy lobo, se equivocó en su juego de espejos, se escondió tanto que ahora no se encuentra a sí mismo.

No interesó su novelística, en los cuarenta/cincuenta, porque no era realista, o mejor socialrealista. Pero luego vino García Márquez

# GRUPO A



## Tertulias Literarias

arrasando con algo muy cercano a Cunqueiro. Y Borges. Es decir, la fantasía literaria, la invención de un mundo otro, el milagro de la prosa y los beneficios de la imaginación. La justicia literaria es injusta y al escritor se le sitúa más por lo que fue o es que por lo que escribe. Y no hablo sólo de política. La localización epocal, la focalización social determinan un éxito de hoy o un fracaso de mañana. Es la literatura como traje de soirée.

Si los criterios fueran solamente políticos, Borges no sobreviviría, y en cambio es universal. Los criterios son peor que políticos. Son caprichos de modisto sarasate. Y a eso le llaman el canon. En la angosta España de la posguerra Cunqueiro era un escritor falangista que practicaba el escapismo por olvidar su militancia, porque le olvidasen y por olvidarse. Pero ocurre que ese escapismo era deslumbrante, la estrategia de un gran escritor. Aquí unos no se atrevían a decirlo y otros no entendían a Cunqueiro.

Su pasión eran los griegos, los mares fríos y las mujeres gordas. Entra y sale de la muerte con naturalidad. Yo le hablaba de venirse a Madrid, pero él no quería vivir a la sombra del yugo y las flechas, que se expresaban a gran tamaño, con ominosidad, en la calle de Alcalá. Aquello era una especie de cuartel para civiles. Cunqueiro pasaba cuatro días en Madrid, como un provinciano que viene a resolver asuntos, pero le llamaban de noche las sirenas célticas y no había manera de que se le apareciese un ángel en el armario del hotel.

Siempre se olvidan de él en la cultura nominalista de las historias literarias. Pero Cunqueiro es inagotable de leer y lo que hoy le da más sentido a su prosa es un humorismo tácito, una ironía tierna que no quiere profundizar más en la llaga, una gracia culta de romano ilustre que se retira a su quinta con más libros que conejos, aunque también coma muchos conejos. Y digo conejos porque los libros se le multiplican entre sí, siendo Cunqueiro un príncipe de las ediciones príncipe.

Nos tememos que Álvaro Cunqueiro o Conqueiro no volverá. Yo espero que se me aparezca un día en el café, como él esperaba a aquel ángel que tardó en aparecerse. Pero el fanatismo de la novedad y la superstición del consumo están borrando a muchos clásicos vivos y muertos. Así es como una literatura se empobrece y nadie vuelve la cara a los maestros recién enterrados que todavía tienen mucho que recitar, como Cunqueiro. Hasta los chicos quieren que vuelvan las Humanidades. Bien, pues en Cunqueiro están las humanidades clásicas pasadas por el arte del anacronismo poético. Son cosas que nos perdemos mientras esperamos el último bestseller americano sobre sexo, droga y rock and roll.

### Escola de menciñeiros, Xente da aquí e de acolá, Os outros feirantes A triloxía de relatos curtos

A publicación, en 1960, de *Escola de menciñeiros*, significou unha certa novidade na obra galega de Álvaro Cunqueiro. Dun lado, supoñía a súa dedicación ao relato curto, elaborando un xénero híbrido que incorporaba elementos da descrición ou da semblanza. Mais este libro supoñía tamén o tratamento dunha realidade especificamente galega, así como a escolla dun lector ideal galego.

Esta fórmula narrativa tivo a súa continuidade en dúas entregas posteriores, *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes*. Compre indicarmos que o autor manifestou en diferentes momentos a unidade con que concibira estes volumes.

*“eu penso que por exemplo, cando escribía Escola de menciñeiros, Xente de aquí e de acolá e Os outros feirantes, que eu estaba escribindo un único libro, cunha grande unidade”*

Tal declaración vese corroborada non só pola estrutura xeral das obras e o sistema de interreferencias que comparten, senón tamén polas comentadas declaracións do autor, os propios títulos das obras, as súas notas introdutorias, etc.

Por estes motivos, consideramos que os tres libros deben ser estudados no seu conxunto, como un proxecto narrativo no que Cunqueiro intentou dar unha imaxe do home galego, dirixido, como dixemos, a un lector tamén galego. Neste sentido, contamos con algunhas declaracións do autor de extraordinario valor:

*“Pois ben, por exemplo, nestes libros a min o que me preocupaba era o home galego (...), un tipo moi particular, credor, máxico, e, ó mesmo tempo, escéptico, racionalista, etc. En aquí [nos libros de narrativa longa] non me dirixo xa ao lector especificamente galego. Naqueles outros libros galegos [refírese aos da triloxía], realmente quería dirixirme ao galego e dun xeito explícito dixeno en Xente de aquí e de acolá, na carta prólogo a Domingo García-Sabell”*

Dos tres libros, concibidos como unha colección de historias baseadas na descrición ou caracterización de persoaxes, tan só o primeiro deles presenta unha estruturación clara das unidades que integra.



# GRUPO A



## Tertulias Literarias

En cambio, *Xentes de aquí e acolá* e *Os outros feirantes* presentan unha estrutura heteroxénea, ao tratarse en ambos os casos dun conxunto de narracións. Teñen, ademais, un carácter máis aberto.

O elemento que máis claramente caracteriza estas obras con respecto á restante narrativa cunqueiriana é a presenza dunhas coordenadas espazo-temporais próximas ao lector ideal. A heteroxeneidade e o anacronismo, trazos fundamentais nas obras que estudiamos anteriormente, teñen aquí unha importancia menor. Outro tanto temos que dicir a respecto dos mundos exóticos e librescos. As coordenadas espaciais nas que transcorren as historias pertencen en todos os casos ao ámbito de coñecemento dese lector ideal ao que o autor dirixe fundamentalmente a súa narración. No caso de pertenceren as referencias a realidades afastadas, estas aparecen inseridas no seu mundo, a través de elementos como a emigración ou o servizo militar.

Pola súa banda, os espazos propios son descritos cunha enorme precisión e detalle, acadando a toponimia unha importancia notábel.

Dentro dos espazos pertencentes aos ámbitos que lle son familiares ao lector, podemos falar duns microespazos que adquiren unha relevancia especial nestas obras. Referímonos a aqueles lugares de reunión que favorecen as relacións humanas e a comunicación, como a feira, a taberna, e, en menor medida a barbería. Son ambientes privilexiados para a narración de historias, e a súa importancia na cultura popular galega é innegábel. A recorrencia a estes espazos na narrativa cunqueiriana ten moito que ver coa presenza da literatura popular de tradición oral na súa obra.

Polo que respecta ás coordenadas temporais, as accións narradas transcorren en xeral nun pasado recente. Con todo, de maneira semellante ao que ocorre noutras dimensións da obra, as referencias temporais, máis ou menos concretas, que aparecen nestas obras son sempre recoñecíbeis para o lector.

Os persoaxes destes libros pertencen, na súa maioría, á colectividade galega. Son dunha extraordinaria variedade, e representan diferentes facetas da nosa realidade antropolóxica. Raramente teñen unha orixe libresca e, no caso de se tratar de persoaxes fantásticos, teñen a súa orixe tanto no folclore como na mitoloxía popular. Tal é o caso dos mouros, os trasnos ou os ananos.

Cunqueiro centrou estas obras nunha temática especificamente galega. O seu obxectivo, tantas veces reiterado, foi o de deixar constancia da verdadeira personalidade do ser galego.

Álvaro Cunqueiro nace en 1911 en Mondoñedo. En 1921 el escritor se traslada a Lugo para completar el bachillerato y allí, en la redacción del periódico del instituto, conoce a Ánxel Fole. Seis años después se matricula en la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad de Santiago de Compostela y comienza así una etapa que lo llevará de Mondoñedo a la capital de Galicia, donde convive con su amigo. Sin embargo, serán las tertulias, su relación con un nutrido grupo de artistas de la literatura los que se conviertan en su verdadera universidad.

A partir de los años 50, en su periodo más maduro, Cunqueiro se centrará principalmente en la narrativa para publicar, en gallego, sus novelas más relevantes (*Merlín e familia*, 1955, *As crónicas do Sochantre*, 1956 y *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, 1961) y algunos libros de relatos (*Escola de menciñeiros*, 1960, *Xente de aquí ou acolá*, 1971 y *Os outros feirantes*, 1979), entre incursiones en el género dramático (*O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, 1959, *A noite vai coma un río*, 1965, *Palabras de víspera*, 1974, *Xan o bo conspirador*, 1978) y sin olvidar la poesía (*Dona do corpo delgado*, 1950, *Herba aquí ou acolá*, 1980). Sin embargo, no dejan de salir de la imprenta obras suyas en castellano, narrativa fundamentalmente: *Crónica de la derrota de las naciones*, 1954, *Las mocedades de Ulises*, 1960, *Un hombre que se parecía a Orestes* (Premio Nadal en 1969), *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca*, 1972 o *El año del cometa con la batalla de los cuatros reyes*, 1974.

En el año 1963 ingresó en la Real Academia Galega, un reconocimiento tras el que llegarían otros muchos en sus últimos años de vida, entre ellos el de Doctor Honoris Causa por la Universidade de Santiago de Compostela, en 1980, un año antes de su fallecimiento en Vigo.

Fontes:

[http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Vida/fugas/Alvaro/Cunqueiro/Mora/elpepiatgal/20100319elpgal\\_23/Tes](http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Vida/fugas/Alvaro/Cunqueiro/Mora/elpepiatgal/20100319elpgal_23/Tes)

[http://www.elcultural.es/version\\_papel/LETRAS/2301/Alvaro\\_Cunqueiro](http://www.elcultural.es/version_papel/LETRAS/2301/Alvaro_Cunqueiro)

<http://www.galiciaaberta.com/es/alvaro-cunqueiro-y-%C2%AB-noite-vai-coma-un-rio%C2%BB>

<http://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.356.php>

Historia da literatura galega. – Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996 (tomo 4)

Biblioteca Central Rialeda  
Avenida Rosalía de Castro 227 A  
15172 – Perillo (Oleiros)  
Tfno.: 981 639 511  
Fax: 981 639 996  
Email: [biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)  
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

# GRUPO A